



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 58)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día **vinte e sete de decembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Señores Deputados D^a. Mayra García Bermúdez e D. Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de decembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3203 “MONFORTE-ROZABALES (LU-4702)”, P.K. 6+030 A 11+997 E LU-P-4702 “VILACHÁ-ROZABALES-ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN”, P.K. 1+200 A 2+400.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

Por acordo da Xunta de Goberno de data 27/09/2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 351.325,00€, dos cales 60.973,76€ son de IVE, correspondente á obra: MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación De Firme LU-P-3203 "Monforte-Rozabales (LU-P-4702)", PK 6+030 a 11+997 e LU-P-4702 "Vilachá-Rozabales-Estación De Pobra Do Brollón", PK 1+200 A 2+400.



Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 03/10/2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 05/11/2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación De Firme LU-P-3203 "Monforte-Rozabales (LU-P-4702)", PK 6+030 A 11+997 E LU-P-4702 "Vilachá-Rozabales-Estación De Pobra Do Brollón", PK 1+200 A 2+400, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas. De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital "1" e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas. A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3203 "MONFORTE-ROZABALES (LU-P-4702)", PK 6+030 A 11+997 E LU-P-4702 "VILACHÁ-ROZABALES- ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN", PK 1+200 A 2+400 (EX0100B19AB)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	351.325,00					MELLORAS			
VALOR ESTIMADO	290.351,24	60.973,76	DE IVE (partida independiente)			IMP SIN IVE	30,14	IMP CON IVE	43,4
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO					IMP. GX e BI		35,87	
PRAZO DE EXECUCIÓN:	6				MAXIMO				5.807,02

EMPRESAS / (GRUPO)	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)	
	PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimento e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados	%	%		
						43,4			
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	309.095,73 €	0,00	0,00	0,00 €	40/1	87,98%	12,02%	309.095,73 €
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	331.132,18 €	200,00	8.180,90	14.517,56 €	137/4	94,25%	5,75%	322.951,28 €
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	312.573,85 €	100,00	3.861,30	826,45 €	15/0	88,97%	11,03%	308.712,55 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	264.020,79 €	150,00	4.892,27	5.807,02 €	178/4	75,15%	24,85%	259.128,52 €
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	278.300,00 €	250,00	8.594,29	2.000,00 €	16/0	79,21%	20,79%	269.705,71 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	409.599,28 €	0,00	0,00	5.807,02 €	95/1	116,59%	-16,59%	409.599,28 €
7	HORDESCÓN SL	315.103,40 €	20,00	778,51	483,44 €	39/0	89,69%	10,31%	314.324,89 €
8	OPAGA 003 SL	297.277,17 €	297,00	10.907,35	501,00 €	8/0	84,62%	15,38%	286.369,82 €
9	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 270.132,50 €	0,00	0,00	0,00 €	56/1	76,89%	23,11%	270.132,50 €
10	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 278.602,50 €	160,00	5.506,59	0,00 €	165/4	79,30%	20,70%	273.095,91 €

Á vista das ofertas das empresas, observándose que a presentada pola mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, supera o prezo de licitación, incumprindo así o sinalado na cláusula cuarta do PCAP, que sinala “... o orzamento base de licitación do contrato constitúe o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación...” polo que a mesa, acordou, por unanimidade, excluíla da licitación.

De seguido procedeuse, unha vez excluída a mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		309.095,73 €
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		322.951,28 €
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		308.712,55 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		259.128,52 €
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		269.705,71 €
6	HORDESCÓN SL		314.324,89 €
7	OPAGA 003 SL		286.369,82 €
8	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	270.132,50 €
9	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	273.095,91 €

MEDIA 292.552,63	NOVA MEDIA 288.209,96
---------------------	--------------------------

BAIXA DESPROPORCIONADA 263.297,36	NOVA BAIXA 259.388,96
--------------------------------------	--------------------------

10% ARRIBA 321.807,89

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo: PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que a oferta da mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29/11/2019 deuse conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa xustificación presentada pola empresa



CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe contéñense os seguintes extremos:

“(…)

Que a documentación aportada pola citada empresa xustifica a valoración da oferta e precisa as condicións da mesma en canto a aforros que permite o procedemento de fabricación e o método de construción e as condicións favorables das que dispón para executar as obras.

Conclusión

Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL”.

A Mesa, tendo en conta o informe anteriormente citado, por unanimidade, acordou aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á Acta, polo que se procedeu á valoración das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	Oferta pavimentar sinalizar (m e	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	309.095,73 €	36,28	0,00	0,00	0,00 €	0,00	36,28
2 ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	331.132,18 €	17,35	200,00	13,47	14.517,56 €	5,00	35,82
3 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	312.573,85 €	33,29	100,00	6,73	826,45 €	0,71	40,73
4 CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	264.020,79 €	75,00	150,00	10,10	5.807,02 €	5,00	90,10
5 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	278.300,00 €	62,73	250,00	16,84	2.000,00 €	1,72	81,29
6 HORDESCÓN SL	315.103,40 €	31,12	20,00	1,35	483,44 €	0,42	32,89
7 OPAGA 003 SL	297.277,17 €	46,43	297,00	20,00	501,00 €	0,43	66,86
8 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 270.132,50 €	69,75	0,00	0,00	0,00 €	0,00	69,75
9 PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 278.602,50 €	62,47	160,00	10,77	0,00 €	0,00	73,24

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais

vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 04/12/2019, adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Excluír da licitación á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, ao abeiro do establecido no PCAP, por presentar unha oferta superior ao orzamento de licitación.

Aceptar, en base ao informe técnico emitido, a oferta da mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, ao considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	90,10
2	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	81,29
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	73,24
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	69,75
5	OPAGA 003 SL	66,86
6	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	40,73
7	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	36,28
8	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	35,82
9	HORDESCÓN SL	32,89



Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 12/12/2019 (achegado a través da plataforma de contratación do sector público, con confirmación de lectura do 13/12/2019, foi requirida a mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 10.909,95 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, achegou a través da plataforma de contratación do sector público a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación De Firme Lu-P-3203 "Monforte-Rozabales (LU-P-4702)", Pk 6+030 A 11+997 E LU-P-4702 "Vilachá-Rozabales-Estación De Pobra Do Brollón", Pk 1+200 A 2+400, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/09/2019, á mercantil COSNTRUCCIONES TABODADA Y RAMOS SL, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 264.020,79 € dos cales 45.821,79 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP, de 150 metros e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.807,02€ mais 1.219,48€ de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán

esta condición, as seguintes: as melloras de obra e o pagamento do programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra **MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.-** Rehabilitación De Firme LU-P-3203 "Monforte-Rozabales (LU-P-4702)", Pk 6+030 a 11+997 e LU-P-4702 "Vilachá-Rozabales-Estación De Pobra Do Brollón", PK 1+200 A 2+400, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/09/2019, á mercantil **CONSTRUCCIONES TABODADA Y RAMOS SL**, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 264.020,79 € dos cales 45.821,79 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP, de 150 metros e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.807,02€ mais 1.219,48€ de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras ofertadas e o pagamento do programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.



2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

3º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Determinar que, de acordo co previsto no PCAP, inda que a adxudicación e formalización do contrato se realicen na presente anualidade de 2019, a execución deberá iniciarse no exercicio 2020”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SAMOS, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS LOGO DA REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NOS PROGRAMAS DE ACTIVIDADES CULTURAI E EVENTOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS, NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Samos, no que solicita a aplicación de remanentes producidos logo da realización das actuacións incluídas nos programas de actividades culturais, incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único De Cooperación Cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ... os investimentos así financiados (...) someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida e tramitada a proposta municipal...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou escrito de data 16/12/2019, no que manifesta o importe sobranante en cada un dos programas, así como solicitude de aplicación destes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Samos

O Concello de Samos, incluíu inicialmente no programa de actividades culturais as que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	REMANENTE DECLARADO
SAMOS	ACTUACIÓN GRUPO MÚSICA TRADICIONAL NO CASTRO LOURIDO; FESTA DA CONVIVENCIA DOS MAIORES; GRUPO DE TEATRO E ACTUACIÓN MUSICAL FESTA FIN DE CURSO COLEXIO PÚBLICO; TEATRO NAS VIVENDAS COMUNITARIAS	9.529,71	5.996,18



Así mesmo, por escrito de data 16/12/2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	PROGRAMA	ACHEGA DEPUTACIÓN
SAMOS	ACTUACIÓN GRUPO TRADICIONAL DE MÚSICA NAS FESTAS DE NADAL	ACT. CULTURAI	5.996,18€

Consta informe da área de Cultura, de data 20/12/2019, favorable a concesión dos remanentes solicitados polo Concello de SAMOS. As bases do Plan Único 2019 establecen na número 23 que a xestión do programa de actividades culturais será levada a cabo pola área de Turismo e Cultura.

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2019, “... Os investimentos/actuación así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación da actuación sinalada, polo importe indicado, con cargo aos aforros ou remanentes producidos logo da realización das actuacións inicialmente incluídas polo respectivo Concello, no Plan único 2019, debendo estar xustificada a súa execución e xustificación nos prazos establecidos nas bases do plan único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Samos e incluír como actuacións financiadas con cargo aos remanentes producidos no programa de actividades culturais logo da

realización das actuacións incluídas inicialmente, as que deseguido se indican, e que deberán estar executadas e xustificadas no prazo establecido nas bases:

CONCELLO	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	PROGRAMA	ACHEGA DEPUTACIÓN
SAMOS	ACTUACIÓN GRUPO TRADICIONAL DE MÚSICA NAS FESTAS DE NADAL	ACT. CULTURAI	5.996,18€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG, PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda deixar o presente asunto sobre a mesa.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial ao Club Sociedade Deportiva Muimenta, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Renovación instalación eléctrica”, na anualidade 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Club Sociedade Deportiva Muimenta, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Renovación instalación eléctrica”, no campo de fútbol “O Pichón”, en Muimenta (Cospeito), polo importe de 29.637,02€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 14.818,51€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.2 - Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, actualmente denominada

Deportes, Artesanía e de Deseño e Memoria Histórica, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico a promoción e difusión do deporte e da súa práctica por todos os sectores da poboación e dentro do ámbito provincial: satisfacer as demandas deportivas do conxunto da cidadanía e a potenciación e mellora do deporte na provincia de Lugo en todas as súas vertentes, fomentando, promovendo e difundindo o deporte e a súa práctica, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e/ou investimentos e bolsas a deportistas individuais.

O obxecto que se persegue con esta subvención é mellorar as infraestruturas deportivas existentes na localidade de Muimenta (municipio de Cospeito), adaptándoas ás necesidades de uso actuais, e permitindo a práctica deportiva nunhas condicións máis favorables. En resume, trátase de mellorar as condicións para que a veciñanza, especialmente nas zonas rurais, dispoña dunhas infraestruturas deportivas adecuadas para practicar deporte, fomentando e promovendo a súa práctica.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 29.637,02€ a favor da entidade Club Sociedade Deportiva Muimenta, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Renovación instalación eléctrica”, subvención incluída na Liña 4.2 - Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, actualmente denominada Deportes, Artesanía e de Deseño e Memoria Histórica, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 29.637,02€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Club Sociedade Deportiva Muimenta, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Renovación instalación eléctrica”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora



ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial ao Colegio Fundación Martínez Otero, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Pavimentación patio”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Colegio Fundación Martínez Otero, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Pavimentación patio”, no Centro Concertado de Ensinanza Martínez Otero, na localidade de Foz, polo importe de 20.845,57€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.422,79€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención. Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.2 - Educación, ciencia y tecnoloxía, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico camiñar cara a sociedade do coñecemento, a través da educación e a formación en todas as súas vertentes, e promovendo a ciencia e a tecnoloxía como piares fundamentais que contribuirán ao desenvolvemento do territorio e da poboación.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar ao Centro Concertado de Ensinanza Martínez Otero dunhas instalacións, adecuadas e adaptadas ás necesidades educativa e de lecer dos alumnos, que cumpran co fin previsto, sexan seguras e estean adaptadas á lexislación vixente deste tipo de instalacións.

En resume, trátase de mellorar as infraestruturas educativas existentes na localidade de Foz, permitindo así que a poboación xove, especialmente a das zonas rurais e a máis afastada das grandes urbes, poida beneficiarse dunha educación en igualdade de condicións cos das grandes cidades, sen que as infraestruturas supoñan atranco para elo; e convertindo así á educación no instrumento que contribúe á transformación económica e social do territorio, e que vai redundar no desenvolvemento provincial, no seu conxunto.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.845,57€ a favor da entidade Colegio Fundación Martínez Otero, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Pavimentación patio”, subvención incluída na Liña 1.2 - Educación, ciencia y tecnoloxía, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 20.845,57€ con cargo á aplicación orzamentaria 3230.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Colegio Fundación Martínez Otero, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Pavimentación patio”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

Interven a Sra. Vicepresidenta Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, para manifestar que entende que non lle corresponde a esta Deputación subvencionar colexios privados ou concertados, cando a competencia en educación é da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno, por maioría, coas abstencións das Sras. Deputadas Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e Dona Mónica Freire Rancaño, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Terceiro.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Mondoñedo, para a execución dos fins comúns consistentes na mellora de viais. Ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

“Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Mondoñedo.

Dona María Elena Candia López, Alcaldesa do Concello de Mondoñedo achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público), de data 20 de decembro de 2019, ao que acompaña: certificacións das tributarias de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa da Seguridade Social e da Facenda Estatal e Autonómica así como declaración responsable. Con esta solicitude aporta memoria explicativa para a realización conxunta polo Concello de Mondoñedo e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes na: “Mellora de viais e inversión en O Mirador”, na que explican nunha breve memoria. En data 26/12/2019, con RE nº 2019RT006284 presenta escrito no que di que asume o Concello a expropiación no Barrio de Coto Otero e renuncia o investimento no Mirador ata ter xestionado a cesión do inmovible, e aporta novo cadro resumo das actuacións.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o concello de Mondoñedo e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de Mellora De Viais (ver actuacións descritas), non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar as seguintes prestacións:

INVESTIMENTO	IMPORTE
Dobre rega asfáltica en pista no rural: Cesuras e Curuxeiras	48.375,19
Formigonado de pista en Cesuras	37.702,63
Melloras en curva San Pedro e camiños Cabana e Vilar	25.532,75
Ampliación vial dende LU-124 a Barrio “O Couto de Outeiro”	38.065,56
IMPORTE TOTAL	149.676,13 €

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:



INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN
MELLORA DE VIAIS. ANO 2019	149.676,13

O concello de Mondoñedo financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento aos fins comúns perseguidos, para a súa correcta execución.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.



Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural;



dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa-relacional destinado a dotarse de un equipamento mobile (vehículo), necesario para a prestación de servizos.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Mondoñedo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle

atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.



Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Mondoñedo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dar aos veciños do Concello de Mondoñedo, da Provincia e da cidadanía en xeral, as actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO DE MONDOÑEDO
2019	149.676,13	---

Concello de Mondoñedo: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Mondoñedo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación, como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.



O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en

conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Presidencia se adopten as seguintes resolucións:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo para a execución dos fins comúns consistentes na mellora de viais, ano 2019, cun orzamento total de 149.676,13€; a achega da Deputación ascende a contía 149.676,13€.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 149.676,13 € con cargo a aplicación orzamentaria 4540.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o concello de Viveiro, para a execución de fins comúns consistentes en:*



“Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: “Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal”, que dispón o seguinte:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 22 de marzo de 2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no Cemiterio Municipal”.

En data 27 de marzo de 2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
COOPERACIÓN NA REDACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS ORAS DE URXENTE NECESIDADE NO CEMITERIO MUNICIPAL	16.940,00€	0,00€
TOTAL	16.940,00€	

As obras de urxente actuación, no cemiterio, consisten, segundo o informe xustificativo da necesidade, na reparación das deficiencias estruturais detectadas nos muros perimetrais do cemiterio municipal de Altamira, situado na rúa Antonio Bas, en Viveiro.

Non obstante, este convenio poderá ser modificado a través da súa correspondente addenda, unha vez se dispoña do proxecto da obra que se pretende executar, actualizando e adecuando nese intre as aportacións a realizar, en función do orzamento do proxecto técnico, cuxa realización pode ser obxecto de externalización; de existir crédito adecuado e suficiente para esa finalidade.

(...)”

Dona María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 16 de setembro de 2019, a través do que manifesta “... tendo en conta o proxecto redactado polo arquitecto D. Santiago Rodríguez da empresa C&G Tecnicos Asociados, denominado “Obras de reparación do muro de contención do recinto do cimiterio municipal de Altamira, cun orzamento de 96.235,21€ ...”, polo que solicita “... unha addenda ao convenio asinado no que se faga constar que a actuación obxecto do mesmo se corresponde coa actuación denominada “Obras de reparación do muro de contención do recinto do Cemiterio Municipal de Altamira”, cun orzamento de execución de 96.235,21€ ...”

Así mesmo foi requirido, a instancias da Intervención, o Concello de Viveiro, por escrito de data 21/10/2019, para que achegara os permisos, licenzas e autorizacións necesarios para proceder á licitación da obra, achegando mediante escrito de data 13/12/2019 con RE 2019RT006053 a autorización de Augas de Galicia.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e



deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6.

As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses,



obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...).

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio, ...; k) cemiterio de actividades funerarias, (...)”.



O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberán prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas.

No mesmo senso pódese citar respectivamente os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración xeral da Galicia.

O Decreto 151/2014, do 20 de novembro, regula a sanidade mortuoria de Galicia ao abeiro do artigo 33.1 do EAG. O artigo 24 di que cada Concello, independentemente ou con outras entidades locais, disporá de un cemiterio con capacidade adecuada ás características da súa poboación. A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Segundo o establecido no convenio, prevese que sexa a Deputación de Lugo o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, respectarase a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Viveiro tanto a obtención de autorizacións e licencias así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación

das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O concello de Viveiro, unha vez entregada a obra, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece



que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que se inclúa, en dito convenio, a actuación de “Obras de reparación do muro de contención do recinto do Cemiterio Municipal de Altamira”, cun orzamento de 96.235,21€, importe a achegar pola Deputación Provincial.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018)

trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: “Cooperación na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no cemiterio municipal de tal xeito que a se inclúa, a petición do Concello, a actuación denominada “Obras de reparación do muro de contención do recinto do Cemiterio Municipal de Altamira”, cun orzamento de execución de 96.235,21€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Dinamización e potenciación do Barrio Senlleiro da Milagrosa”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Dinamización e Potenciación do Barrio Senlleiro da Milagrosa”, (barrio da Milagrosa da cidade de Lugo), polo importe de 20.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.000,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:



Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico

O obxecto que se persegue con esta subvención é dinamizar e potenciar o barrio senlleiro da Milagrosa, na cidade de Lugo, fomentando e poñendo en valor a figura do veciño e o

asociacionismo veciñal como unha medida para xerar riqueza no territorio, en todos os aspectos (político, social, económico, cultural, deportivo, medioambiental, etc). Trátase de fomentar a participación dos veciños deste barrio senlleiro nos movementos, reivindicacións, e demais actuacións, que redunden no desenvolvemento económico e social dese territorio, loitando contra as debilidades e ameazas e aproveitando as fortalezas e oportunidades.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00€ a favor da entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Dinamización e Potenciación do Barrio Senlleiro da Milagrosa”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Dinamización e Potenciación do Barrio Senlleiro da Milagrosa”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Calefacción e equipamento para sala de exposicións e actuacións culturais na Igrexa Vella Muimenta” na anualidade 2019.*



Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Calefacción e equipamento para sala de exposicións e actuacións culturais na Igrexa Vella Muimenta” durante a anualidade 2019, polo importe 25.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00 €, a favor da Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Calefacción e equipamento para sala de exposicións e actuacións culturais na Igrexa Vella Muimenta”, na anualidade 2019, subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 a favor da Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Calefacción e equipamento para sala de exposicións e actuacións culturais na Igrexa Vella Muimenta”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.



Primeiro.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas emitidas por *Serviplus Total, S.L.* en execución da Resolución da Presidencia de data 23 de decembro de 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 26/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polo conceptos e importes que de seguido se detalla:

ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE (IVE ENGADIDO)	CONCEPTO
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	19/ 362	3.413,35 €	FRA.Nº19/362(23/05/19)PRESTACION INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FÍSICAS SAUDABLES CONCELLOS PROVINCIA LUGO.FEBREIRO/19
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	19/ 622	11.189,05 €	FRA 19/622 (16/9/19) PRESTACIÓN INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FÍSICAS SAUDABLES NOS CONCELLOS DA PROV.LUGO;MARZO 2019
TOTAL		14.602,40€	

Xunto coa factura consta:

As propias facturas con datas de entrada no Rexistro de Facturas núms. F/2019/2913 e F/2019/3403 respectivamente e con dilixencia do Servizo de deportes, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas polo Presidente (P. D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado De Promoción Económica E Social. Pablo Rivera Capón)

Declaración responsable asinada en data 24/10/2019 polo representante de “*Serviplus total, S.L.*”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa

Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 24/09/2019 explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Servizo de Deportes.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 4/10/2019, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Resolución da Presidencia de data 23/12/2019, levantando o reparo de Intervención a dita factura, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, aprobada o 23/12/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe De Intervencion

Asunto: Recoñecemento de obrigas dos ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2. c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O obxecto do presente informe retírese as facturas, da empresa SERVIPLUSTOTAL. S. L., seguintes:

Nº factura	Data	Importe	Aplicación	ADO
19/362	23/05/2019	3.413,35€	3410.32609	92019/7918
19/622	16/09/2019	11.189,05€	3410.22609	92019/7916
SUMA		14.602,40€		

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Servizo de Deportes e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a



comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe en exercicio da función de fiscalización do artigo 4. 1. a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 14.602,40 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, '(en adianto TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que deán lugar ao recoñecemento e liquidación de abrigos e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste as disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base no 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216. 2. c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as confías do contrato menor, incumprindo o artigo 29. 8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, así como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2. c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do

orçamento 2019, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Informase, por recomendación do Consello de Cantas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

De acordo co artigo 218. 3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Cantas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.

Asinado Dixitalmente O 18/12/2019. A Interventora, Rosa Abelleira Fernández,

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 18/12/2019 de 2019, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

Servizo De Deportes e Mocidade



Á vista do informe de Intervención de data 18/12/2019 e para os efectos de trámite do expediente, emítase o presente informe relativo a expediente de validación do gasto FACTURAS nº 19/362 e nº 19/622 emitidas por SERVIPLUS TOTAL S.L respecto da Iniciativa de deporte e actividade física saudábel nos concellos da provincia de Lugo: programa Movémonos.

Factura Nome da empresa Data de expedición Importe

19/622 Serviplus, S.L 16-09-2019 11.189,05

19/362 Serviplus, S.L 23-05-2019 3.413,35

Antecedentes:

Con data 28.04.2017 a Xunta de Goberno en sesión ordinaria aprobou o procedemento de adxudicación e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para proceder á contratación do servizo de prestación da iniciativa de deporte e actividade física saudable nos concellos da provincia de Lugo: Programa Movémonos.

Realizados os trámites pertinentes, a Xunta de Goberno de data 8 de setembro de 2017 acordou a adxudicación da contratación da prestación do servizo de Iniciativa De Deporte E Actividade Física Saudábel Nos Concellos da Provincia De Lugo: Programa Movémonos, a favor da entidade SERVIPLUS TOTAL S.L.

Con data 28 de setembro de 2017, asinouse contrato coa empresa adxudicataria SERVIPLUS TOTAL S.L. por un período de dous anos (2 anos), prorrogable por 1 ano máis, por mutuo acordo das partes e antes da súa finalización.

Con data 28 de setembro de 2017 asinouse acta de inicio do servizo.

Na cláusula quinta do PCAP, determínase que a duración do contrato será de dous anos prorrogable por 1 ano máis, por mutuo acordo das partes e antes da súa finalización, con entrada en vigor a partir da sinatura da acta de inicio de prestación do servizo.

“Prazo de duración do contrato.

O contrato terá un prazo máximo de vixencia de dous anos (2 anos), prorrogable por 1 ano máis, por mutuo acordo das partes e antes da súa finalización, con entrada en vigor a partir da sinatura da acta de inicio de prestación do servizo.

Tendo en conta as características da actividade e os colectivos diana da actuación, o período de prestación efectivo do servizo abranguería un período máximo en cada unha das anualidades determinado en horas, quedando establecida neste prego a definición determinada deses períodos, definíndose por parte da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte a planificación concreta da execución da actividade dentro do períodos anuais establecidos. (cláusula 3ª do PPT)

Os períodos definidos serían:

Anualidade 2017:	2479 HORAS
Anualidade 2018:	5318 HORAS

En todo caso, dentro do período de execución previsto, as horas non executadas na anualidade 2017, poderán executarse no ano 2018.

No seu caso, a prórroga efectuarase de acordo coa distribución horaria da anualidade inmediatamente anterior.

No caso de prórroga, manteranse inalteradas as características do contrato, durante a duración desta (Art. 23.2 do TRLCSP).

O prego de prescricións técnicas concreta, na cláusula 3ª que o período de prestación efectivo do servizo abranguería un período máximo, en cada unha das anualidades determinado en



horas, definíndose por parte da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes a planificación concreta da execución da actividade dentro dos períodos anuais establecidos (...)

Cómpre indicar que de acordo co desenvolvemento do programa, a bolsa de horas previstas no contrato completouse no mes de xaneiro de 2019, e de acordo co previsto na oferta formulada, a adxudataria desenvolveu a execución das melloras no período que vai do 1 de febreiro ao 21 de febreiro de 2019.

Con data 25-02-2019 o servizo de Deportes e Mocidade de acordo coas instrucións do Deputado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes para a tramitación da referida prórroga, emite informe no que se indica que a Dirección da Área de Deporte considerou oportuno desenvolver seguir coa iniciativa obxecto do contrato, e por tanto tramitar a prórroga prevista (cláusula quinta do PCAP), pola consideración a respecto do programa como unha iniciativa de grande relevancia na mellora do acceso da cidadanía a actividades de deporte saudable e pola elevada participación de asociacións, que exemplificaría a importancia do programa como mecanismo da administración provincial de apoio á actividade de deporte e de lecer no territorio.

Por considerar que a propia dinámica do programa evidenciaba unha incidencia positiva no tecido asociativo do rural lucense, no acceso de distintos nichos de idade e colectivos, - nomeadamente mulleres e persoas maiores-, a servizos de ocio e lecer e de actividade deportiva saudábel, sen esquecer o papel que cumpre con asociacións de persoas con capacidades diferentes o desenvolvemento do programa.

Á vista da súa evolución, dos informes de desenvolvemento que se achegaban coa factura e da valoración das propias asociacións usuarias-, concluíase que se viña realizando de xeito satisfactorio, coas necesarias adaptacións á actividade deportiva saudable das distintas asociacións e ao encaixe da actividade nos horarios dos locais dos distintos concellos nos que se desenvolve.

Considerábase por tanto, que a prórroga do contrato prevista, favorecería os fins da iniciativa, como mecanismo de mantemento dunha actividade deportiva e de lecer, que promove ademais dunha tarefa saudable, a existencia no rural lucense de accións de convivencia e de dinamización das entidades asociativas.

Con data 25-03-2019 o servizo de Contratación emite informe no que se reflicte que:

“Por tanto, é competente para este trámite de prórroga de contrato administrativo de servizos para a actividade prestacional, nomeada como iniciativa de deporte e actividade física saudábel nos concellos da provincia de Lugo: Programa Movémonos, a Presidencia.

Conclusión:

Confirmada, polo centro xestor e o órgano de contratación, a presenza de razóns de interese público para continuar, sin suspender, as prestacións obxecto do contrato administrativo de referencia, entendemos que cabe utilizar calquera das alternativas enunciadas.

A combinación dos mecanismos de prórroga efectiva das horas máximas previstas (prestación efectiva) co reaxuste de anualidades (do artigo 96 do RLCAP, amosa ser un mecanismo técnico acaído e proporcionado sempre que:

a) Exista crédito dispoñible.

b) Que medie audiencia do contratista e, de ser posible, a súa conformidade, facéndolle saber que o contrato se extinguirá por cumprimento efectivo das prestacións programadas, antes de vencer o prazo máximo de duración (2 anos+1 de prórroga).

c) Extinción do contato por cumprimento das obrigas asumidas polas partes (artigo 222.1 do TRLCSP), como modo normal de terminación dos contratos, tal e como precisa o art. 1156 do propio Código Civil, sin acudir ao que a doutrina alemana acuñou como “subrogados de cumprimento”. Este cumprimento conforma a “solutio”, quere dicirse a maneira normal de liberarse das obrigas asumidas. Na contratación administrativa a súa constatación está regulada no artigo 221.2 do TRLCSP e da lugar á liquidación do contrato e de ser o caso, á determinación do “dies a quo” para computar o prazo de garantía.»



Con data 1-04-2019 por Resolución de Presidencia acordouse prestarlle aprobación á proposta de prórroga de contrato e por tanto, ha de terse en conta o período transcorrido no trámite do expediente de prórroga de contrato.

Por tanto, dada a decisión da dirección da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes de manter o programa á vista das razóns expostas, e dado que nesa altura se estaba a tramitar a prórroga prevista no respectivo PCAP, e considerando a ampla incidencia e relevancia da acción na poboación diana, cabería concluír que tales circunstancias avalarían a necesidade de manter o seu desenvolvemento no período de tramitación da prórroga, co obxectivo de soste a actividade de deporte e lecer, tendo en conta o papel que estaba a cumprir no tecido asociativo, o número e perfil das persoas participantes, e mesmo o espazo temporal no que se producía, -meses de febreiro e marzo-, na que a climatoloxía impediría, -en boa medida-, a realización doutras actividades por parte das asociacións participantes que puidesen cubrir o oco derivado dunha suspensión do programa, a xuízo de quen asina, polas razóns anteriormente expostas, cabería concluír que tales circunstancias avalarían a necesidade de manter o seu desenvolvemento no período de tramitación da prórroga.

Pola súa parte, as Bases de execución do Orzamento da Deputación provincial establecen na súa base 24 que:

Poderá ser obxecto de validación, cos mesmos requisitos e formación do expediente indicados no apartado anterior, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido, tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios da execución do gasto. A competencia para a validación de gastos corresponde á Xunta de Goberno e as correspondentes propostas de acordo detallarán individualmente, no seu caso, as diferentes propostas de gasto cuxa validación se propón. Dita validación é de aplicación ata a entrada en vigor do artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspón ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP 2017), en canto afecte a prestacións contractuais extemporáneas.

No suposto de omisión de fiscalización previa:

Nos supostos nos que a función interventora fora preceptiva e se tivera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguintes termos: Se o órgano Interventor ó coñecer dun expediente observara omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciara o expediente e emitirá ó mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este Informe, que non terá natureza de fiscalización, porá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, cando menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ó que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, se produciron no momento no que se adoptou o acordo o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais incumpridos.

c) Constatación de que as prestacións efectivamente se levaron a cabo e de que o seu prezo se axusta ó prezo de mercado, para o cal se terán en conta as valoracións e xustificantes aportados polo órgano xestor, que haberá de solicitar o asesoramento e informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito orzamentaria axeitado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para este fin, terase en conta que o resultado da revisión do acto se materializará acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto ó seu favor e de incumprir a obriga ó seu cargo, polo que por razóns de economía procesual, só sería procedente



instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións sexa inferior ó que se propón.

f) No non previsto nesta Base, será de aplicación básica o contido do artigo 28 do real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

O acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.

A unidade de Contabilidade na elaboración da memoria da Conta Xeral, informará sobre o número de expedientes que foron tramitados sen control fiscal, abarcando os tramitados por obrigas nacidas fora do orzamento (REC), as obrigas nacidas dentro do orzamento pero que necesiten a súa validación para convertelas en obrigas de pagamento, e por último as tomas de razón contable derivadas de acordos adoptados sen fiscalización.

As unidades xestoras, salvo acreditación contraria, serán responsables da tramitación de gastos sen suxeición ós requisitos que en cada caso establece o ordenamento xurídico.

Con data 16/09/2019 e 7/08/2019, recibíronse as facturas nº19/622 e 19/362 respectivamente, en concepto de “Prestación iniciativa do Deporte e Actividades físicas saudables nos concellos da Provincia de Lugo”

Cómpre indicar que o período de realización do referido servizo foi o que a seguir se indica:

- Do 21 ao 28 de febreiro de 2019 a factura nº 19/362 por 3.413,35 € (IVE engadido)
- Mes de marzo de 2019 a factura nº 19/622 por 11.189,05 € (IVE engadido)

Os prezos aplicados son os previstos no contrato de data 28 de setembro de 2017, asinado coa empresa adxudicataria SERVIPLUS TOTAL S.L.

Que dadas as características do contrato non procede garantía.

Que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son os previstos no contrato de data 28 de setembro de 2017, asinado coa empresa adxudicataria SERVIPLUS TOTAL S.L.

A Unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2019, informa de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Asdo. Dixitalmente. O xefe de servizo IV de Mocidade e Deportes coa conformidade do Deputado

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 4/10/2019 explícanse que cómpre a validación das facturas tendo en conta que corresponden a horas efectuadas fora das establecidas no período contractual, é dicir, que a bolsa de horas do contrato completouse no mes de xaneiro de 2019, e de acordo co previsto na oferta formulada, a adxudicataria desenvolveu a execución das melloras no período que vai do 1ao 21 de febreiro de 2019, polo que en consecuencia, hai un período que vai dende esaq data ata a data do inicio da prórroga (1/04/2019) cuxas horas non están amparadas por ningún contrato e as cales corresponden a estas facturas, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

A vista do expediente o contrato prorrógase por estar probado o seu resultado positivo como mecanismo de mantemento dunha actividade deportiva e de lecer, que promove ademais dunha tarefa saudable, a existencia no rural lucense de accións de convivencia e de dinamización das entidades asociativas.



A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente aos expedientes contractuais previamente existentes. Contratación Do Servizo De Prestación Da Iniciativa De Deporte E Actividade Física Saudábel Nos Concellos Da Provincia De Lugo: Programa Movémonos).

A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analogía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado sexto das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLRFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Consciente o poder legislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta legislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se realizasen a prestación dos servizos, aínda que se estiman necesarias.

Tendo en conta que as facturas a aprobar teñen como obxecto prestacións previsibles e con continuidade no tempo, unido a que as prestacións que a factura reflicte se corresponden cun procedemento de licitación xa adxudicado. Contratación Do Servizo De Prestación Da Iniciativa De Deporte E Actividade Física Saudábel Nos Concellos Da Provincia De Lugo: Programa Movémonos) e para o que se estaba a tramitar a prórroga, aprobada o 1/4/2019.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2019, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.

As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:



(...)

Adjudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analogía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento das seguintes facturas:

ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE (IVE ENGADIDO)	CONCEPTO
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	19/ 362	3.413,35 €	FRA.Nº19/362(23/05/19)PRESTACION INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FISICAS SAUDABLES CONCELLOS PROVINCIA LUGO,FEBREIRO/19
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	19/ 622	11.189,05 €	FRA 19/622 (16/9/19) PRESTACIÓN INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FÍSICAS SAUDABLES NOS CONCELLOS DA PROV.LUGO;MARZO 2019
TOTAL		14.602,40€	

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento das seguintes facturas:

Nº factura	Data	Importe	Aplicación	ADO	CONCEPTO
19/362	23/05/2019	3.413,35€	3410.32609	92019/7918	FRA.Nº19/362(23/05/19)PRESTACION INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FISICAS SAUDABLES CONCELLOS PROVINCIA LUGO,FEBREIRO/19
19/622	16/09/2019	11.189,05€	3410.22609	92019/7916	FRA 19/622 (16/9/19) PRESTACIÓN INICIATIVA DEPORTE E ACTIVIDADES FÍSICAS SAUDABLES NOS CONCELLOS DA PROV.LUGO;MARZO 2019
SUMA		14.602,40€			

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a mantemento e subministración de aceite e plaquetas de freo para vehículos do Parque Móbil, en execución da resolución da Presidencia de data 18/12/2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 23/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:



ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REGISTRO DE ENTRADA		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA	NÚMERO		
Lucuscar, S.L.	T 1900007	09/01/2019	11/01/2019	788	3,51 €	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de aceite para un vehículo do Parque Móbil.
Lucuscar, S.L.	T 1900481	23/08/2019	29/08/2019	19.029	195,94 €	Subministración no mes de agosto do 2019, de plaquetas de freo para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil.
Lucuscar, S.L.	T 1900503	05/09/2019	20/09/2019	20.150	127,10 €	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil, realizado no mes de setembro do 2019.
TOTAL					326,55 €	

Visto que consta:

As propias facturas, con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia do Parque Móbil (de data 15/01/2019 na factura Nº T 1900007, de data 09/09/2019 na factura Nº T 1900481, e de data 25/09/2019 na factura T 1900503) de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a primeira delas, polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, e as outras dúas, pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 28/11/2019, polo representante de Lucuscar, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas (de data 15/01/2019 no caso da factura Nº T 1900007, de data 09/09/2019 no caso da factura Nº T 1900481, e de data

26/09/2019 no caso da factura N° T 1900503), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe do Parque Móbil.

Informe - Proposta deste Servizo, de data 26/11/2019, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións incluídas nas facturas relacionadas, por parte do órgano de contratación.

Informe do Parque Móbil, de data 19/11/2019, detallando as prestacións incluídas na factura N° T 1900007.

Resolución da Presidencia, de data 18/12/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 13/12/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa LUCUSCAR, S.L., que se detallan na relación contable Q/2019/127, que se achega, por importe de 326,55 €.

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.



A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación contable Q/2019/127, que se acompaña, polo importe total de 326,55 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais aos efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe Da Unidade Xestora Relativo Ao Informe De Intervención De Data 28 De Novembro Do 2019, Sobre Recoñecemento De Obrigações Con Nota De Reparo Do Art. 216.2c) Do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
LUCUSCAR, S.L.	T 1900007	09/01/19	3,51	9201.214
LUCUSCAR, S.L.	T 1900481	23/08/19	195,94	9201.214
LUCUSCAR, S.L.	T 1900503	05/09/19	127,10	9201.214
SUMA			326,55	



Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 28 de Novembro de 2019.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as subministracións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que o subministro era urxente para poder manter os vehículos en bo estado, foi necesario validar as facturas.

O período do aludido subministro foi xaneiro, agosto e setembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 326,55 euros (IVE incluído).

Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citado informe - proposta deste Servizo de data 26/11/2019, faise referencia á proposta de inicio de expediente de contratación do Parque Móbil, de data 13/09/2019, para a subministración de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, dividido en 8 lotes, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións. En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019. As tres facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.



Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación que todavía non se tiña iniciado nas datas de realización de ditas prestacións, pero cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación. Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analogía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Lucuscar, S.L.	T 1900007	09/01/2019	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de aceite para un vehículo do Parque Móbil.	3,51 €
Lucuscar, S.L.	T 1900481	23/08/2019	Subministración no mes de agosto do 2019, de plaquetas de freo para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil.	195,94 €
Lucuscar, S.L.	T 1900503	05/09/2019	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil, realizado no mes de setembro do 2019.	127,10 €
TOTAL				326,55 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Lucuscar, S.L., por un importe total de 326,55 €:

.- Nº T 1900007 de data 09/01/2019, correspondente á subministración no mes de xaneiro do 2019, de aceite para un vehículo do Parque Móbil, dun importe total de 3,51 €.

.- Nº T 1900481 de data 23/08/2019, correspondente á subministración no mes de agosto do 2019, de plaquetas de freo para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil, dun importe total de 195,94 €.

.- Nº T 1900503, de data 05/09/2019, correspondente ó mantemento dun vehículo do Parque Móbil, realizado no mes de setembro do 2019, dun importe total de 127,10 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ó mantemento da APP de lectura de*



contadores, do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, dende o 01/04/2017 ata o 30/09/2017, en execución da resolución da Presidencia de data 18/12/2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 23/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-17100 2017/FAV-17100/3336	29/09/2017	10/10/2017	2017/3651	1.833,15 €	Mantemento da app de lectura de contadores, do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, dende o 01/04/2017 ata o 30/09/2017.
TOTAL					1.833,15 €	

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, de data 09/11/2018, de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada dita factura pola naquela data, Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda.

Declaración responsable asinada en data 06/08/2019, polo representante de Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se

atopa incura na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 09/11/2018, do Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo.

Informe do mesmo Servizo, de data 30/11/2018, xustificando a necesidade de realización das prestacións incluídas na factura.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 08/01/2019, en relación coa aprobación do gasto, recoñecemento da obriga e pagamento da factura, constando no mesmo a xustificación da necesidade, por parte do órgano de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria por parte deste Servizo, de data 08/02/2019.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 27/12/2018, en relación coa existencia de saldo dispoñible no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 17/9320.216.

Resolución da Presidencia, de data 18/12/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2017 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 13/12/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2017, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:



Factura obxecto do presente informe:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Ayos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-17100 2017/FAV-17100/3336	29/09/17	1.833,15	9320.216
SUMA			1.833,15	

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Servizo de Recadación, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2017, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 1.833,15 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.833,15 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por ser as facturas anteriores a 9 de marzo de 2018, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Informe Da Unidade Xestora, De Data 24 De Xuño Do 2019, relativo ao informe de Intervención de data 12 de xuño do 2019, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2c) Do TRLRFL, no que se di:

“Antecedentes

Informe da Intervención Provincial de data 10.01.19 cuxo destinatario é o Servizo de Contratación, onde se sinala que na factura que se está a tramitar polo procedemento de validación como contrato menor, e dado que pola Xunta de Goberno de data 2 de maio de 2014, adxudicouse un contrato de mantemento da <aplicación informática e base de datos de Xestión Tributaria e Recadación>, con duración de dous anos, e en data 13 de maio de 2016, prorrogouse o contrato por un ano máis, entendemos que non estamos ante un suposto de contrato menor.

O Servizo de Contratación e Fomento con data 8 de febreiro de 2019 emite un informe no que dispón en relación á devandita factura o seguinte:

“Analizados os arquivos existentes no servizo, constátase que non existen contratos en vigor que amporen dita factura

Pola cuantía da factura e o tipo de prestación periódico, non estamos ante un suposto de contrato menor, neste sentido existiron varios contratos menores de mantemento da aplicación informática do Servizo de Recadación, de datas 24/02/17 e 28/07/17, que se especifican no seguinte recadro:> No cadro achégase o contrato de mantemento de Sicalwin, de notifica-SXTRI e, ademais, o contrato menor de subministración dunha app para lectura de contadores, en data 06/03/2015.

Oficio da Intervención Provincial sinalando que na memoria xustificativa debe figurar que o gasto é de imputación ao vixente exercicio 2019.

Informe da Intervención Provincial con nota de reparo, efectos suspensivos.

Sobre a base da manifestación da nota de reparo emitida pola Intervención Provincial, en informe recibido polo Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección en data 21.06.19, e por conta da factura a nome de Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., FAV-17100 2017/FAV-17100/3336, importe 1.833,15 €, ao abeiro do disposto do artigo 217 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Servizo considera indispensable poñer de manifesto a seguinte discrepancia:

Co obxecto de evitar novamente posibles erros na identificación, procedemos a resumir as aplicacións relacionadas co Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección cun detalle importante:

A aplicación Sicalwin é a aplicación de contabilidade, non usada polo Servizo, senón pola Intervención Provincial.

A aplicación NOTIFICA-SXTRI é para adaptar a base de datos aos procesos da administración electrónica.

A aplicación WINGTRECA – WINGT é a aplicación principal do Servizo, a base de todas as restantes aplicacións.

A APP lectura de contadores é unha aplicación que permite o volcado de datos en relación aos contadores na base de datos do servizo WINGTRECA – WINGT.

A Deputación Provincial de Lugo adquiriu no seu día á empresa SAGE AYTOS S.L.U. unha aplicación informática, que xestiona na actualidade a base de datos do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, destinada a realizar as operacións derivadas da operativa de xestión tributaria e recadatoria.

A adaptación ás necesidades provinciais, a cambiante normativa en cada caso aplicable, así como a resolución de incidencias no software adquirido, fixeron indispensable contratar o seu



mantemento. A proposta orixinaria para a contratación de dito mantemento é de data 23.09.13, e nela estableceuse un prazo de duración de dous anos, máis unha prórroga anual ata un máximo de dous anos, é dicir, un 2 + (1+1).

O informe de Intervención Provincial que consta no expediente do Servizo de data 14.11.13, prevé unha consignación para os dous anos iniciais, e as posibles dúas prórrogas anuais, por un importe total de 91.403,16 €, correspondente a unha cantidade igual para cada ano de 22.850,79 €.

.O dito contrato formalizouse con data 15.05.14 e se aplicaron as dúas prórrogas, co cal a finalización da relación contractual prodúcese en maio de 2018.

Por outra banda, no ano 2015, se contratou a subministración da APP lectura de contadores, a cal, por propia operativa, está vinculada coa base de datos do Servizo (WINGTRECA-WINGT).

A descoordinación da que se fala na memoria xustificativa das facturas posteriores a esta contratación, teñen que ver co mantemento da APP de lectura de contadores. O propio concepto de mantemento parecía indicar que elo estaba incluído no contrato de mantemento principal da aplicación (WINGTRECA-WINGT), pero isto era un erro, porque se trataba de traballos en paralelo, posteriores aos iniciais e polo tanto, trátase de prestacións non recollidas nos pregos do contrato asinado en data 15.05.14, de xeito que calquera inclusión de prestacións non previstas requiriría unha modificación do contrato principal de estar previsto, e ser posible.

Polo tanto esta descoordinación da que se fala, refírese ao erro de considerar que estaban incluídos estes traballos no antigo contrato de mantemento da aplicación informática. Esta situación é a que motiva a falta de procedemento previo para a tramitación dos traballos que sustentaran estas facturas.

Para solucionar esta situación xa se puxo de manifesto no seu momento (informe de data 5 de decembro de 2017), que esta actuación de mantemento da APP de lectura de contadores estaría incluída no clausulado dos pregos de condicións para o futuro contrato principal de mantemento da

aplicación informática do Servizo de xestión tributaria, recadación e inspección, que xa foi licitado, adxudicado e formalizado o 6 de agosto de 2018. A dificultade estribaba en como tramitar o que xa estaba prestado, e que se trata de actuacións que son moi importantes para os concellos en tanto que deixar de realizar esta prestación, asumida en virtude de convenio de delegación, causaría un prexuízo importante nos correspondentes orzamentos e nas súas partidas orzamentarias.

No mesmo informe tamén se indicaba que se iniciarían os trámites para unha contratación menor, cuxa finalización coincidira coa finalización do contrato de mantemento da aplicación principal (maio 2018). Esta situación non chegou a producirse, como así se pon de manifesto na memoria xustificativa desta factura. O motivo de tal e que entre que o novo contrato de mantemento non chegaba a formalizarse nunha data que asegurara unha continuidade co contrato anterior (este finalizaba o 15.05.18) e a demora na adxudicación do novo contrato actual de mantemento non permitía coñecer unha data concreta de inicio desta prestación, dificultábanse as actuacións que facilitarían levar estes trámites polo cauce correspondente, so pena de realizar sucesivos contratos menores co mesmo obxecto e igualmente que superaran o período de 1 ano, situación de demora que se confirma posteriormente, ao ser adxudicado o novo contrato en data 6 de agosto de 2018.

Agora ben, esta factura non está vinculada como sinala a Intervención Provincial na comunicación de data 10.01.19, ao contrato principal de mantemento anterior ao actual (no actual está incluída esta prestación), senón que era unha actuación independente, e polo tanto, non é un maior importe a ese contrato, que lóxicamente por importe, de ser así o caso, debería tramitarse polos procedementos formais de contratación (negociado, aberto, restrinxido, etc.), máis no presente caos non superaría os límites do importe dos contratos menores.

- Por outra banda, volcar sobre a presente factura, que recolle os traballos de mantemento por un período de 6 meses (dende o 01/04/2017 a 30/09/2017), e por importe de 1.515 euros máis I.V.E., un reparo suspensivo, fundamento quizá no feito de que se trata dunha actuación contínua e así manifestada ao sinalar que non é un contrato menor por duración, resultaría del todo incoherente, cando o último contrato que se fixo para amparar estas actuacións é un contrato menor con data de execución do 01/11/2016 a 31/03/2017 sobre o que non existe ningún tipo reparo. A todo elo súmase o sinalado nos parágrafos anteriores, non podendo identificar a data concreta de



inicio da prestación nova, non pode consensuarse unha cantidade nin a temporalidade, e incluso tendo en conta que as actuacións normais de mercado poden conlevar un pago anticipado á empresa que preste a cobertura deste servizo.

Por todo o que vai dito, e recoñecendo dende o Servizo o desaxuste que houbo en relación á tramitación das facturas vinculadas a estes traballos dende o inicio da subministración desta APP (FAV-16100/4625 de data 31-10-2016, onde a empresa pasara a factura dous meses despois do inicio da prestación do servizo como se describe na memoria xustificativa, e logo con posterioridade a elo fíxose un contrato menor, ao que se alude no parágrafo anterior, para solventar outro período de actuación, pero a partir dese momento, e por estes desaxustes, volveuse á situación anterior como consecuencia tamén de non saber se procedería iniciar varios contratos menores sucesivos relativos ao mesmo obxecto, dificultados como sinalábamos anteriormente por descoñecer o inicio do novo contrato así como polo feito de formalizar varios contratos menores en torno á mesma prestación e por tempo non determinable a priori, ou recurrir ao procedemento de validación poñendo de manifesto esta situación na memoria xustificativa, dado que iniciar un contrato segundo os parámetros da normativa implicaría deixar un período de execución na mesma situación en que nos atopamos), e que na actualidade xa está corrixido coa inclusión dentro do actual contrato de mantemento da aplicación informática principal, achégase novamente este informe do Servizo para que previas as consideracións que se estimen oportunas se revise a situación xenerada e proceda a continuación da tramitación da factura, que por importe podería tramitarse dentro dos valores dos contratos menores.”

Consideracións

Na citada solicitude de consignación orzamentaria por parte deste Servizo, de data 08/02/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do servizo de mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019. A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.



Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación naquela época aínda non iniciado, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2017, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-17100 2017/FAV- 17100/3336	29/09/2017	Mantemento da app de lectura de contadores, do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, dende o 01/04/2017 ata o 30/09/2017.	1.833,15 €
TOTAL				1.833,15 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.:

- Nº FAV-17100 2017/FAV-17100/3336 de data 29/09/2017, correspondente ó mantemento da app de lectura de contadores, do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, dende o 01/04/2017 ata o 30/09/2017, dun importe total de 1.833,15 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- EXTINCIÓN AO DEREITO AO GOCE DA SUBVENCIÓN DUNHA ENTIDADE DO BEN EMPREGADO III.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben Empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 co nº 229.

Considerando que con data 31 de decembro do 2016 publícanse no BOP con nº 300 o listado das entidades beneficiarias ca cantidade asignada.

Considerando que con data 26 de maio do 2017 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas no entre as cales se atopa a entidade con código A-16-356 e razón social Arias González, José Manuel.

Considerando que con data 30 de xuño de 2017 aprobase o Decreto polo que se dita resolución declarativa autorizando á coordinadora do programa Ben Empregado D. Julia Vázquez Silvarrey como responsable para a autorización previa, por parte da Deputación, dos traballadores das entidades beneficiarias, rexeitados durante o período de proba, logo de motivar e xustificar documentalmente as

Considerando que con a entidade beneficiaria, atendendo á modalidade contractual e á xornada laboral establecidos na solicitude, da de alta e/ou de baixa ós traballadores seleccionados segundo se recolle no seguinte cadro:

TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
Lira López José Emmanuel	02/06/2017	30/11/2017	Baixa voluntaria
Parra Augusto Agustín	09/01/2018	15/01/2018	Baixa por non superar período proba
Pérez Rigueiro Antonio			Imposible contactar
Díaz Franco Daniel			Imposible contactar

Considerando que con data 15 de xaneiro de 2018 a entidade beneficiaria queda sen candidatos na listaxe de reserva, e de acordo á Base 6 do Programa Ben Empregado III fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais

áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Publicouse ó Anexo II da entidade beneficiaria nas datas e cos resultados seguintes:

DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
04/05/2018	Pereira Lopez, Dositeo	11/05/2018		

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, emítase resolución da presidencia relativa ao pago do primeiro anticipo.

Considerando que entre o cuarto e quinto mes de alta do traballador realizouse un control e verificación por parte da Deputación de Lugo a entidade beneficiaria, para asegurar e velar polo cumprimento das esixencias declaradas, así como o bo entendemento entre as partes.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado III fase I, a efectos de xustificación :

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa. Unha vez aprobada aboarase, se é o caso, o 20% restante da subvención concedida. Dita conta xustificativa conterà a seguinte documentación:

Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo traballador.

Cadro resumo de retribucións do período subvencionado, (Anexo XIII)

Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados, así como o informe de vida laboral do período subvencionado.



Copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagadas.

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, e declaración responsable de non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin (Anexo XI).

Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa. (Anexo XII)

Acreditar, mediante Certificacións expedidas o efecto polos organismos correspondentes, de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) ,Seguridade Social e Deputación Provincial.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

Considerando que esta entidade foi beneficiaria do Programa Ben Empregado II, e tal e como se recolle no apartado 15 das Bases do Programa Ben Empregado III, a entidade deberá:

“ ...

Manter o cadro de persoal , así coma a continuidade da contratación do traballador subvencionado o amparo do programa Ben Empregado I e Ben Empregado II, durante o período de duración do programa, no caso de coincidir temporalmente.

...”

Considerando que segundo se comproba no informe de vida laboral da conta de cotización da entidade beneficiaria, o traballador contratado ao abeiro do Ben Empregado II Manuel Santos Arias causou baixa na empresa ó remate do período subvencionado do programa Ben Empregado II.

Considerando que atendendo ó punto anterior e ante a posibilidade do incumprimento das Bases do Ben Empregado II por parte da entidade beneficiaria, con data 10 de xullo de 2019 remítese notificación á entidade Arias González José Manuel, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia (Resolución de presidencia de data 8 de xullo de 2019), para que a entidade poida describir o acontecido.

Considerando que con data 6 de agosto de 2019 (dentro do prazo legalmente establecido) recíbese a través da sede electrónica de Deputación de Lugo as alegacións da entidade beneficiaria (axúntase escrito), nas que fai referencia a imposibilidade de atopar un traballador para o posto requirido, especialista de oficio en pedra granítica, dificultade que tamén experimentou a Deputación de Lugo en reiteradas bolsas de emprego.

“ ...

Tal como se indicou na documentación presentada a empresa si que mantivo o emprego creado no programa Ben Empregado II, o que ocorreu é que os prazos de substitución dos empregados se alongaron e polo tanto non mantivo o emprego de forma continua. Isto parece razoable, xa que ese posto de traballo tamén lle custou ó servizo de emprego da deputación realizar o procedemento de substitución.

Tal como vemos no cadro seguinte, durante o programa Ben Empregado II o servizo de emprego da Deputación de Lugo debeu realizar dous procesos de selección (algún quedou deserto e deberon repetirse, de xeito que o proceso se alongou (111 días e 105 días en cada un dos procesos) isto da idea da dificultade na selección do persoal para un posto como este.

...”



Considerando que con data 30 de setembro de 2019, o órgano instrutor (Nomeado por Resolución de presidencia de 8 de xullo de 2019), en relación ás alegacións presentadas considera que a entidade beneficiaria intentou cumprir coa súa obriga de manter o posto mais ala da subvención outorgada, ante a inexistencia de profesionais especialista en pedra granítica no mercado de traballo, constatada tamén pola sección de promoción económica e emprego, causa que imposibilita o cumprimento de dita obriga e por ser allea a vontade da entidade beneficiaria, esta Instrutora propón:

Estimar as alegacións presentadas polo interesado.

Continuar co proceso de liquidación da xustificación final da subvención da entidade José Manuel Arias González con número de expediente A-16-356.

Considerando que con data 1 de outubro de 2019 ,dende a sección de Promoción Económica e Emprego, infórmase favorablemente a conta xustificativa da entidade Arias González José Manuel co número de expediente A-16-356.

Considerando que con data 7 de novembro de 2019, o Servizo de Intervención emite requirimento para emendar unha serie de deficiencias atopadas na conta xustificativa. Así mesmo informa que a entidade:

“Non cumpre a base 15 da convocatoria “manter o cadro de persoal, así como a continuidade da contratación do traballador subvencionado ao amparo do programa Ben Empregado II” , posto que como indica o escrito da empresa de data 31 de maio de 2019, o traballador deuse de baixa por fin de obra, polo tanto tería que reintegrar o importe anticipado que ascende a 8.800,00€”

Considerando que de acordo o establecido no capítulo II Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, reguladora do procedemento de reintegro, o órgano concédente será o órgano competente para esixir do beneficiario ou da entidade colaboradora o reintegro de subvencións, mediante a resolución do procedemento regulado neste capítulo, cando se aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro establecidos no artigo 33:

“Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

...

Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou na adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

...”

Atendendo ó anteriormente indicado, para os efectos previstos nos artigos 25, 26 e 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, segundo ó exposto polo Servizo de Intervención e a xuízo de quen informa, considérase incumprida a Base 15 do Programa Ben Empregado IV debendo proceder á extinción do gozo da subvención e o reintegro por parte da entidade beneficiaria da cantidade de 8.800,00€ en concepto de débeda principal, a esta cantidade deberánse sumar os xuros de mora correspondentes.

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Ben Empregado III proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Extinción do dereito o goce da subvención por i Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou na adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención, atendendo ó establecido no artigo 33 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º.- Reintegro da cantidade anticipada de 8.800,00€, en concepto de débeda principal á que se deberán sumar os xuros correspondentes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 4 de novembro, pola Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo se adopta a seguinte resolución:

A tramitación electrónica, ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, da Xunta de Galicia, da solicitude das axudas establecidas por esta na Orde de 18 de setembro de 2019, para a contratación dos catro axentes de emprego e desenvolvemento local que prestan servizos nesta Entidade.

A aprobación da memoria proxecto que desenvolverá a axencia de emprego e do orzamento das actuacións, por un importe total de cento noventa e sete mil cento trinta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (197.136,53 €).

A aprobación, así mesmo, da disposición de financiamento deste Organismo Provincial e, en consecuencia ao orzamento ao que se fai mención no punto anterior, para custear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANUALIDADE 2019	ANUALIDADE 2020	TOTAIS
2410,13100	6.851,77 €	147.392,37 €	154.244,14 €
2410,16000	2.520,53 €	40.371,86 €	42.892,39 €
TOTAIS	9.372,30 €	187.764,23 €	197.136,53 €

A ratificación do presente acordo ante a Xunta de Goberno.

En cumprimento co disposto, con data 4 de novembro de 2019 formalízase a devandita solicitude na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A Resolución transcrita anteriormente foi ratificada mediante acordo de Xunta de Goberno do 6 de novembro de 2019.

Por outra banda, a medio de resolución de Presidencia, 2 de decembro de 2019 resolvíase dar continuidade ao contrato de duración determinada, modalidade obra ou servizo determinado suscrito con dona M. Carmen Lage Fernández, con categoría de AEDL, por un ano máis, a partir do día 2 de decembro de 2019, condicionado á concesión da subvención cuxa solicitude xa está en trámite e pendente de resolver pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 13 de decembro de 2019 (con rexistro de entrada na Deputación o 16 de decembro de 2019 número 2019RPE027608) pola que se concede a esta Deputación unha subvención nunha contía equivalente ao 33% do importe da subvención solicitada e que ascende a un total de vinte mil seiscientos corenta e oito con trinta e un euros (20.648,31€), para a financiación dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local. Na resolución non existe pronunciamento algún sobre a subvención solicitada para tres axentes de emprego e desenvolvemento a maiores.

A Resolución determina que o servizo subvencionado deberá iniciarse dentro do ano 2019 e establece que o prazo máximo para a remisión da documentación xustificativa será o 31 de xaneiro de 2020.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aceptar a subvención acordada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria polo importe total de vinte mil seiscientos corenta e oito con trinta e un euros (20.648,31€), para a financiación dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local.



2º.- Ratificar a resolución da Presidencia pola que se dá continuidade a contratación de M. Carmen Lage Fernández, que xa ven prestando servizos nesta Entidade para este programa, axustándose a que é a AEDL con maior antigüidade no posto.

3º.- Remitir, dentro do prazo sinalado ao efecto pola citada Resolución, a documentación xustificativa ao obxecto da efectividade da subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS, CORRESPONDENTES AO CURSO 2018-2019 PARA OS EMPREGOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 4 de outubro de 2019, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondente ao curso 2018-2019, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de data 10 de outubro de 2019, para os empregados públicos da Excma. Deputación provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 13 de decembro de 2019, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan

na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2018-2019, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	1.889,35 €
Propios Funcionarios Interinos	3.165,00 €
Propios Trab. Laborais Temporais	189,52 €
Beneficiarios Funcionarios	50.386,43 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	13.727,22 €
Beneficiarios Trab. Laborais Fixos	7.960,17 €
Beneficiarios P. Laborais Temporais	3.671,72 €
Beneficiarios Funcionarios Xubilados	690,12 €
Orfos Laborais Fixos	502,76 €
Beneficiarios Laborais Fixos Xubilados	1.320,09 €
Beneficiarios Laborais Temporais Xubilados	894,44 €
TOTAL	84.396,82 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS NA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL, PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO ANO 2018.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 4 de outubro de 2019, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2018, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de data 10 de outubro de 2019, afectados polo ámbito de



vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 13 de decembro de 2019, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2018, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	5.420,82 €
Funcionarios Interinos	1.764,58 €
Funcionarios Xubilados	1.638,99 €
Laborais Fixos	1.112,43 €
Laborais Temporais	413,38 €
TOTAL	10.350,20€”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GARDERÍAS PARA FILLOS/AS E ORFOS/AS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2018 E O 31 DE AGOSTO DE 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 4 de outubro de 2019, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2018 e o 31 de agosto do 2019, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de data 10 de outubro de 2019, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sexta das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 13 de decembro de 2019, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais temporais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2018 e o 31 de agosto do 2019, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	3.661,55 €
Funcionarios Interinos	4.018,54 €
Funcionarios Xubilados	681,11 €
Laborais Temporais	727,61 €
TOTAL	9.088,81 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, que se xustifica pola necesidade de dar continuidade aos traballadores de SUPLUSA, adoptouse o seguinte acordo:

Encargo desta Deputación Provincial ao seu medio propio personificado e servizo técnico, empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes de titularidade municipal.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Que a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP

Que as relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adjudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

Que no punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinalase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2 o seguinte:

“j) A realización de tarefas para as que se lle requira pola vía da urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.

En relación con calquera obra ou servizo, considerase a vía de urxencia, independentemente do seu ámbito territorial ou da tipoloxía da actuación, nos seguintes supostos:

Procedementos de licitación que quedaran desertos, por non haberse presentado ningunha oferta ou por ser irregulares as presentadas.

Contratos respecto dos que por un incumprimento do contratista, cando esta situación de incumprimento se constate fundadamente, se incoase un procedemento de resolución.”

Que o Servicio de Conservación e Mantemento das Zonas Verdes de Titularidade Provincial estaba sendo executado con data 27 de decembro de 2019 pola Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (en diante SUPLUSA).



Que con data 12 de setembro de 2019, se aprobou polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, a disolución de SUPLUSA, estando nestes momentos en fase de liquidación.

Por iso, este Organismo considerou prioritario, pola necesidade urxente de non paralizar os servizos básicos na conservación e mantemento dos devanditos espazos verdes, asumir os traballos e servizos de mantemento que garantan as condicións necesarias de conservación e uso dos espazos verdes, tal como se describe no Prego de Prescricións, e encargarllos ao seu medio propio TRAGSA.

O importe dos traballos descritos no Prego de Prescricións e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou ás unidades para executar as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos de Conservación E Mantemento Das Zonas Verdes De Titularidade Provincial.

Que a Intervención da Deputación Provincial de Lugo, fiscalizou favorablemente o encargo a TRAGSA da actividade de Conservación e Mantemento das Zonas Verdes De Titularidade Provincial.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Lugo considera imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen no Prego de Prescricións adxunto a este Acordo.

Por todo o exposto e analizado o informe da Secretaría Xeral Adxunta, de data 27 de decembro de 2019 propoño, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o encargo á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. da actividade de “Mantemento e conservación das zonas verdes de titularidade provincial”, que se rexerá polas seguintes:

Estipulacions

Primeira.- Obxeto

A Deputación Provincial de Lugo encarga a TRAGSA, a execución da actuación que ten por obxecto la “Conservación E Mantemento Das Zonas Verdes De Titularidade Provincial”.

A definición, especificacións e condicións técnicas dos traballos, contéñense na Memoria de prescricións técnicas, elaborada polo Servizo de Medio Ambiente, que forma parte inseparable do presente encargo.

Segunda.- Presuposto, Tarifas e Crédito Orzamentario

O importe total do encargo ascende a Catrocentos doce mil quinientos noventa e catro euros con tres céntimos (412.594,03 €). O encargo realízase nas condicións expostas no informe da Intervención Provincial, de data 27 de decembro de 2019.

O orzamento dos traballos mencionados na cláusula primeira desagregado no Anexo I calculáronse de conformidade ao sistema de tarifas TRAGSA 2019, aprobadas pola Comisión Interministerial e cuxo acordo foi publicado mediante Resolución do 30 de abril de 2019, do Ministerio de Facenda e Función Pública (BOE/BOE nº 104 do 1 de Maio de 2.019). Ademais, atendendo á natureza dos traballos orzados, o encargo clasificouse como non suxeito, de acordo á Lei 37/1992, do 28 de decembro, coa redacción dada pola disposición final decima da LCSP, polo que a súa facturación non estaría suxeita ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVA/IVE).



Neste sentido, o apartado 7 de Disposición Adicional 24ª da LCSP establece respecto das tarifas TRAGSA que o seu importe determinarase aplicando ás unidades directamente executadas polo medio propio as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto do encargo que se subcontraten con empresarios particulares, que as tarifas se calculan de maneira que representen os custos reais de realización e a súa aplicación ás unidades produtivas sirvan de xustificante do investimento ou dos servizos realizados directamente polo medio propio, e que a elaboración e aprobación das tarifas realizarase polas Administracións das que o grupo é medio propio personificado, con arranxo ao procedemento establecido regulamentariamente.

Non obstante o anterior, para a elaboración do orzamento utilizáronse os prezos atendendo aos custos efectivos soportados polo medio propio, dada a necesidade de cumprir coa obrigaón de subrogación que o Convenio colectivo do sector da xardiñería (Resolución de 25 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Emprego, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo do sector da xardiñería) prevé para os traballadores, polo que se tivo en conta os salarios que anteriormente recibían da empresa cedente no servizo. Igualmente se incorporaran dous traballadores da empresa saínte fora do Convenio citado posto que os traballos que realizan son coincidentes cos encadrados no Convenio colectivo do sector da xardiñería.

TRAGSA non será responsable de anteriores débedas contraídas pola empresa cedente do servizo con traballadores, empresas particulares, Seguridade Social ou de outras obrigacións tributarias.

Terceira.-Subcontratación

No suposto en que se precise contratar con terceiros traballos relativos ao desenvolvemento do presente encargo, TRAGSA deberá axustarse ao establecido no artigo 32 e DA 24ª LCSP, así como no RD 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC.

De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, con data 26 de decembro de 2019, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 5%.

Cuarta.- Deber de Dilixencia e Confidencialidade de TRAGSA

Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

Quinta.- Competencias da Diputación Provincial de Lugo

O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

Sexta.- Duración.

O presente Encargo ten unha duración de 6 meses, con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2020, ata a finalización do prazo de execución do servizo definido. O Encargo poderá ter unha prórroga por un prazo de seis meses, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.

Séptima.- Coordinación e Seguimento.

Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désignase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, don Luís Fernández Reija, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

Octava.- Modificación do Encargo



O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

Novena. - Resolución

O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación

Décima.- Resolución de Controversias

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

Todo o cal se comunica a TRAGSA para coñecemento e aceptación das condicións expostas no clausulado, tendo a comunicación carácter de orde de execución do presente encargo.

2º.- Dispoñer que, de acordo co informe da Intervención Provincial de data 27 de decembro de 2019, en tanto o Orzamento aprobado inicialmente non sexa definitivo, con cargo ao Orzamento prorrogado 2019 a 2020, se ben existe crédito dispoñible na aplicación 1710.44900 para efectuar a modificación orzamentaria, (aportación a Suplusa para mantemento de zoas verdes) esta aplicación non se contempla no Orzamento Xeral 2020, polo que non procede a súa utilización, asumir o gasto inicialmente con cargo os créditos dispoñibles, a nivel de vinculación xurídica, das aplicacións do capítulo 2 de medio ambiente, (1720), en tanto non se efectúen as modificacións expostas anteriormente no Orzamento xeral 2020 aprobado definitivamente.

Por elo, a efectos da viabilidade do encargo dende o 1 de xaneiro de 2020, aplicarase o importe dunha mensualidade 68.765,67 €, con cargo a aplicación 1720.22799 do orzamento prorrogado 2019 a 2020, e posteriormente efectuaráanse as modificacións de crédito necesario, unha

vez sexa definitivo o Orzamento xeral 2020, para o total dos 6 meses, debendo prever unha anualidade completa, dado que o servizo de mantemento de zoas verdes é anual.

3º.- Existindo inicialmente consignación orzamentaria na aplicación 1720.22799 do orzamento prorrogado para o período dunha mensuralidade, condicionase o resto do período, segundo a base de execución nº 18, en tanto non sexan efectivas as modificacións propostas anteriormente ou as que se propoñan pola Corporación, permitindo cumprir os principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e é obxecto de fiscalización previa limitada, segundo os extremos da base 36.1.3.12 de execución do orzamento, previa a adopción do acordo.

4º.- Notificar a SUPLUSA o presente acordo co obxecto de que teña coñecemento de que, a partires do día 1 de xaneiro de 2020, a actividade que viña desenvolvendo de “Mantemento e conservación das zonas verdes de titularidade provincial, será desenvolvida pola empresa TRAGSA, debendo facilitar SUPLUSA a TRAGSA os datos necesarios, referentes aos traballadores, ao obxecto de que se realicen os trámites oportunos no ámbito laboral, garantindo así os dereitos dos traballadores.

5º.- Dispoñer que, durante o tempo de vixencia do encargo, manteráanse as condicións laborais de todos os traballadores, de acordo co estipulado nos seus contratos e no convenio colectivo que lles sexa de aplicación, referente a totalidade dos traballadores que prestarán seus servizos na empresa TRAGSA, e que ditas condicións manteranse nun calquera que sexa a forma de prestación da actividade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.